CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

INFORME DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE BIC, COA CATEGORÍA DE MONUMENTO, DO INMOBLE DENOMINADO TORRES DE MEIRÁS, TAMÉN COÑECIDO COMO PAZO DE MEIRÁS, SITUADO NO TERMO MUNICIPAL DE SADA (A CORUÑA)

Recibida a solicitude de informe no Consello da Cultura Galega con respecto á proposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do inmoble denominado Torres de Meirás, tamén coñecido como Pazo de Meirás, emítese o seguinte informe:

A resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 1 de agosto de 2008, publicada no DOG, n.º 155, do 12 de agosto de 2008, pola que se incoa o procedemento para a declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do inmoble coñecido como Pazo de Meirás, ten as seguintes matizacións:

Con respecto ao elemento patrimonial ao que se pretende ampliar o grao de protección coa categoría de monumento, debe terse en consideración non só o inmoble que se pretende protexer, xa que o lugar como espazo que ocupa no territorio ten unha importancia relevante que hai engadir á categoría de monumento.

Segundo a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, na que se definen e clasifican os bens de interese cultural, clasificación en que entran os monumentos, os conxuntos históricos, os xardíns históricos, os sitios ou territorios históricos, as zonas arqueolóxicas, os lugares de interese etnográfico e as zonas paleontolóxicas, no seu artigo 8.4 di que teñen consideración de:

> *- Monumento, a construcción ou obra producto da actividade humana, de relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico, con inclusión dos mobles, instalacións e accesorios que expresamente se sinalen como parte integrante del, e que por si soa constitúa unha unidade singular.*
> *- Conxunto Histórico, a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estructura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e gozo para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia.*

Pazo de Raxoi, 2º andar - Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico:
correo@consellodacultura.org
Tel.: 981 95 72 02 - Fax: 981 95 72 05

- Sitio ou territorio histórico, o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza, e as obras do home que posúan valores históricos ou técnicos.

A Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega acordou na súa reunión do día 25 de setembro a constitución dunha comisión específica para o estudo da declaración como ben de interese cultural formada polos seguintes integrantes: Alfredo Vigo Trasancos, historiador da arte, María García Alén, restauradora de arte, Pegerto Saavedra Fernández, historiador, e Gabriel Quiroga Barro, facultativo de arquivos, coordinada por Iago Seara Morales, arquitecto, coordinador da Sección de Patrimonio e Bens Culturais e membro do Pleno do Consello da Cultura Galega.

Os membros desta comisión reúnense o 30 de outubro de 2008 para estudar a conveniencia da declaración de ben de interese cultural das Torres de Meirás. Reunión en que está presente Meibel Domínguez Tedín como coautora e relatora do "Informe do Servizo de Inventario e Protección do Patrimonio Cultural para a Declaración de Ben de Interese Cultural" e na que se analizan os seguintes aspectos, que se resumen a continuación.

DO HISTÓRICO

A partir da consulta de diferentes biografías sobre E. Pardo Bazán e da lectura de parte da obra da propia Condesa, indícanse os datos que se recollen a seguir:

A consideración de Meirás como "sitio" ou "lugar de memoria" ten dous fundamentos moi sólidos, derivados de dúas realidades desigualmente coñecidas: dunha banda, o vencello do complexo pacego ("granxa" ou "pazo" primeiro e "torres" despois) coa persoa, obra e familia de dona Emilia Pardo Bazán; e doutra banda, a conversión das torres desde fins da Guerra Civil en lugar de residencia de vacacións da familia Franco, e polo tanto nun centro de poder e relacións políticas importantísimo durante a ditadura (realizáronse aquí preto de 30 consellos de ministros, ademais de recepcións e outras actividades de primeiro nivel; durante moitos veráns a capital do réxime estaba en realidade en Meirás). Isto último é bastante ben coñecido, igual que o procedemento polo que en 1938, segundo a versión oficial de entón, o pobo coruñés acordou comprar a propiedade para agasallar ao Caudillo.

Dona Emilia Pardo Bazán tivo en Galicia diversas posesións, segundo era habitual entre os descendentes da fidalguía rendeira; unhas pertencían aos seus pais e outras ao seu home (José Quiroga, do que na práctica estivo separada desde mediada a década de 1880); pero ela, antes de marchar a Madrid e despois durante as tempadas que regularmente pasaba no seu país, fixo vida, de modo habitual, en dúas residencias: a casa da rúa coruñesa de Tabernas (cedida á Real Academia Galega en 1956 polas herdeiras da condesa de Pardo Bazán) e a granxa de Meirás. Cómpre reparar tocante a

isto que conforme pasaban os anos Meirás se converteu no lugar máis querido para a escritora: aquí redactou boa parte da súa obra, recibiu visitas de amigos do contorno, de literatos e de políticos (que a frecuentaban conforme aumentaba a súa sona); en Meirás casou en 1868 (tamén algún dos seus fillos) e quixo que se celebrasen as principais funcións relixiosas que seguiron á súa morte en Madrid, en maio de 1921. O apego a Meirás herdouno, nalgunha medida, do seu pai, o culto don José Pardo Bazán ("se empeñó en decir que él no va a Madrid ni aserrado en dos mitades; que no deja por nada este delicioso oasis en donde crecen los nabos y los camuesos", escribe nunha ocasión, e cando morre don José di: "quiero, cuando nos sea posible, llevarme a mi pobre padre a Meirás, donde descanse yo a su lado cuando me toque la de vámonos").

A estas alturas non é preciso ponderar os méritos literarios de E. Pardo Bazán; chega con lembrar que estivo á altura de Valera, Clarín, Menéndez Pelayo, Pereda ou Galdós (este ocuparía o primeiro lugar e dona Emilia o terceiro no tocante ao número de lectores); e que conseguiu un lugar tan destacado a pesar de ser muller, o que a obrigou a loitar contra prexuízos enormes. A súa faceta de defensora dos dereitos da muller (cousa que fixo con moita determinación) constitúe outro aspecto da vida da escritora que non se debe esquecer. Os grandes da literatura española da época censurárona a miúdo por saír do papel tradicional que lle correspondería como muller, pero recoñeceron a súa intelixencia, espírito de traballo, amplos coñecementos (adquiridos en lecturas e viaxes), a calidade da súa obra e o seu valor, méritos todos que non deixaban de perturbalos. Por todo isto, se as casas dos escritores son hoxe a miúdo convertidas en museos que preservan e espallan a súa memoria, Meirás, en canto espazo elixido pola condesa para descansar, escribir, facer vida social, observar o mundo rural galego..., reúne méritos sobrados para que o consideren lugar de memoria literaria.

Poden destacarse tamén os vencellos dos antepasados da condesa con Meirás (asunto ben coñecido grazas ás publicacións de D. de la Válgoma: desde 1722 está documentado o nacemento de varios Pardo en Meirás; xa quedou dito que don José Pardo Bazán, pai da escritora, o mesmo autor de varios traballos sobre a agricultura galega e con ideas moi adiantadas sobre os dereitos da muller, tiña querenza polo pazo); pero o fundamental é insistir en que aquí a escritora redactou moita da súa obra e fixo unha importante vida social, en especial na fase de madurez, cando xa era moi recoñecida e tiña gran capacidade de convocatoria. Na súa correspondencia e noutros textos hai moitas probas de todo isto. Así, nos apuntamentos autobiográficos que preceden a unha das novelas máis coñecidas, *Los pazos de Ulloa*, redactados (os apuntamentos) en setembro de 1886, fai unha descrición do seu lugar de traballo, no que pasa moitas horas "pluma en ristre, y cuartilla enfrente, en este rincón de las Mariñas, en esta celda de la vieja Granja de Meirás –el lugar donde siento más de continuo la ligera fiebre que acompaña a la creación artística–...", e continúa pintando o aspecto do edificio (daquela bastante rústico) e do xardín e mais o contorno, con olores de árbores, gando, fume e esterco, e remata: "desde este oasis te escribo, lector, amigo incógnito...".

Esta intensa relación que dona Emilia ten con Meirás é o que explica que, a fins

do XIX, na súa madurez, xa muller consagrada na literatura e no xornalismo, con máis recursos económicos, e con amplas relacións sociais en Madrid e noutras cidades, despois de viaxar por moitas capitais europeas, decida levantar as "torres" (ocasionalmente tamén fala de "pazo"), para vivir e traballar con máis comodidade, pois é ben sabido que na da Quimera estableceu a súa biblioteca e o cuarto de escribir.

A correspondencia, e mesmo as fotos conservadas, dá idea da vida que a escritora facía na nova residencia, construción que seguiu polo miúdo e que lle parecía moi lenta. A determinación de facer un novo edificio parece datar de 1895 (un novo edificio "residencial, más cómodo y sobre todo, más saludable para la familia y los amigos que acuden a visitarla". A Lázaro Galdeano escribíalle en 1893 que a construción era moi sólida: " a lo poco que yo entiendo, ya lo que dice mucha gente que viene a verla, está para desafiar los siglos"; anúncialle tamén que haberá unha fermosa biblioteca, que lle evite ter os libros en montóns).

Unha vez levantadas as torres, nelas faise unha intensa vida social (con visitas de persoeiros da política e doutros ámbitos da vida pública), pero Pardo Bazán tivo coidado de crear un espazo privado para o seu traballo; como indica Eva Acosta (2007): "La antigua Granja de Meirás se ha desvanecido ante la realidad medievalizante de estas Torres, digno marco de la figura internacional que es su dueña, y creación, como ella misma, de su tenaz voluntad. En la más alta, la de Levante, ha instalado sus aposentos y su estudio, su sanctasenctórum privado, lejos del bullicio doméstico".

As informacións sobre visitas e outras actividades son frecuentes; en 1910, por ex., casa nas torres unha filla. Tamén se conta cunha descrición minuciosa, un pouco posterior, de como era o día a día da condesa en Meirás: os horarios de traballo, paseos, comidas, visitas... (na cidade da Coruña "las invitaciones a las Torres son muy codiciadas, pues hay garantía de encontrar allí a la sociedad más selecta de la región... Y es que las meriendas de Meirás constituyen todo un hito del veraneo coruñés...
A las once de la noche la concurrencia se retira. La Condesa permanece unos minutos a solas. Luego se dirige a su torre de Levante, sus dominios exclusivos, en cuyo dormitorio, instalado en el primer piso, tiene también una selecta biblioteca. Aún dedicará un rato a la lectura antes de dormir" (Eva Acosta).

DO HISTÓRICO ARTÍSTICO

Do mesmo xeito procédese a considerar os matices histórico-artísticos do que se tiran as seguintes conclusións:

Á vista do informe realizado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia –no que se bota de menos a presenza dun historiador da arte e dun historiador titulados–, tendo tamén en conta o escrito elaborado pola Universidade de Santiago,

aínda que a falta dunha necesaria inspección ocular directa –que non foi facilitada– que despexase certas dúbidas, parece que debe concluírse que as que foron chamadas no seu día "Torres de Meirás" e hoxe "Pazo de Meirás" conforman un conxunto arquitectónico de carácter exclusivamente historicista construído no cambio de século (entre 1894 e 1904 aproximadamente) no que se mestura dunha maneira ecléctica tanto elementos prerrománicos e algún trazo de carácter protogótico como formas, sobre todo, de inspiración neorrománica, que tamén incorpora algún que outro elemento barroco vencellado coa arquitectura pacega de carácter popular: portalóns, lenzo residencial leste, etc. Quere isto dicir que estamos diante dun exemplo pouco común de recreación arquitectónica dun edificio neomedieval que casa á perfección coa sensibilidade do seu tempo pois é fillo, aínda que a outra escala e salvando obviamente as distancias, desas grandes recreacións medievais que se realizaron na Europa do XIX, como o castelo de Pierrefonds en Francia, Balmoral en Gran Bretaña ou Neuschwanstein no vello reino de Baviera, hoxe Alemaña. E por esta razón cabe afirmar que, posto que son excepcionais as obras deste tipo que existen na arquitectura residencial galega, non cabe dúbida de que iso lle outorga un valor e unha importancia moi considerables.

Ao mesmo tempo é imprescindible asociar o edificio con dúas personalidades históricas de gran notoriedade. Dunha parte coa escritora Emilia Pardo Bazán, eminente escritora galega e unha das máis salientables representantes españolas do naturalismo literario e, doutra parte, coa figura de Francisco Franco, ditador e xefe de estado que dirixiu os destinos do noso país ao longo de 40 anos. Así pois, máis alá do seu valor como edificio ou arquitectura, ten tamén unha singularidade cultural e histórica moi salientable que non se debe esquivar.

De feito, pola súa relación con Emilia Pardo Bazán pode dicirse que as "Torres de Meirás" son unha fantasía persoal da escritora, un soño ou recreación arquitectónica que está moi unida á súa figura e personalidade e que é, incluso, soporte das súas ficcións literarias. Era unha muller ilustrada, cosmopolita, de mundo, coñecedora de Europa e de todo o que en arquitectura se estaba realizando no seu tempo; ela mesma, nos seus escritos, fala dos castelos de Escocia (Balmoral é un castelo escocés), das mansións luxosas de Biarritz, das impresións que lle producía París e outros famosos recantos europeos de destacada vida social; por conseguinte, non debe sorprender que, posuidora dunha propiedade herdada dos seus ancestrais, dunha fortuna persoal aceptable e dunha fantasía e imaxinación máis que notables, quixese recrear no seu apreciado terreo de Meirás un mundo de arquitecturas que estaba a cabalo entre un "pazo" e un "castelo" galegos (o románico era entón considerado o noso estilo máis representativo), onde configurou ámbitos e espazos de forte sabor literario. Que lle chamase "Torres" a Meirás di moito nesta dirección, pois ten tres torres ameadas fronte a unha ou dúas que adoitan ter os nosos mellores pazos (Oca, Pastora, Castrelos...); ou mesmo que lle chame a unha delas –por certo, a máis alta, fantasiosa e principal– a "Torre da Quimera"; talvez porque desde alí recreou, no seu estudio e biblioteca que estaba na planta alta, moitas das súas páxinas máis admirables. Está, pois, Meirás unido a dona Emilia como un fillo á súa nai a través do cordón umbilical; de aí que, aínda que

Pazo de Raxoi, 2º andar - Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico:
correo@consellodacultura.org
Tel.: 981 95 72 02 - Fax: 981 95 72 05

os deseños do "pazo" se asocien ao arquitecto-historiador Vicente Lampérez ou ao artista e crítico de arte Rafael Balsa de la Vega, non deba dubidarse de que, en xustiza, deben de corresponderse cos seus desexos e sensibilidade pois implicouse de tal xeito nas súas formas e resultados artísticos que son, en todo, unha recreación súa, persoal; son a súa "novela" ou narración "pétrea" feita aquí "arquitectura". E isto quere dicir que o pazo é feitura da condesa, que ademais o converteu en escenario creativo de moitos dos seus escritos, algo do que moi poucas construcións señoriais galegas poden presumir.

Francisco Franco foi o segundo personaxe vencellado ao pazo a partir de 1939. Converteuse, a partir daquela, en todo un referente arquitectónico, acaso na construción máis mediática de todo o franquismo; así, foi a súa residencia estival durante case catro décadas, do mesmo xeito que o palacio de El Pardo a súa residencia oficial na capital de España. Nel, pois, tiveron lugar importantes acontecementos: consellos de ministros, visitas de estado, recepcións oficiais, etc. que o foron enchendo dunha vida "histórica" que superou sobradamente o marco xeográfico da Galicia de Pardo Bazán. Os reis actuais aloxáronse en Meirás cando eran Príncipes de España, o mesmo que o rei Abdullah de Xordania, que tivo en Meirás unha entrevista con Franco antes de que o asasinasen en 1951 na mesquita de Al Acsa de Xerusalén. Polo tanto, se en tempos de Pardo Bazán foron ela e as súas amizades as que deron vida aos seus salóns e xardíns, e os reis Alfonso XIII e Victoria Eugenia visitaron as "Torres" cando estaba xa en mans dos seus descendentes, todos os demais mencionados é evidente que desfilaron polo pazo en época de Franco, aos que habería que sumar case todos os políticos que, durante o seu mandato, tiveron unha cota importante no seu goberno.

Agora ben, aínda que non é fácil, cos datos que posuímos, saber que foi o que o Pazo de Meirás incorporou durante o logo tempo do poder franquista, máis alá das propiedades que foron acrecentando a súa superficie ou dalgunhas construcións e obxectos de pouco valor que se engadiron sen demasiado gusto, é indubidable que, diseminados polos xardíns, ten o conxunto de Meirás pezas artísticas que posúen un interese destacable; por exemplo unha importante, aínda que dispersa, colección de brasóns de pedra que deben pertencer a moitas e moi notorias liñaxes galegas; tamén se pode constatar a presenza dun Escudo Real galego –leva no centro o cáliz, que é emblema de Galicia– que debeu de pertencer a unha construción oficial, talvez da cidade da Coruña: a unha das varias portas de terra ou mar das súas fortificacións, a algún dos seus castelos costeiros, a un edificio representativo, etc. Así mesmo aprécianse, diseminadas polo xardín, boas fontes pacegas, que parecen pertencer á época barroca; non faltan grandes bancos monumentais de xardín tamén vinculados a esa época e relevos esculpidos que parecen medievais e barrocos e que deben de provir –non parecen réplicas de obras antigas, senón orixinais, aínda que non se pode precisar máis a través de fotografías– de vellas igrexas galegas. Os hórreos tamén parecen presentar unha antigüidade importante e certos valores arquitectónicos; así que, entre todo isto que conteñen os xardíns, a propia arquitectura do pazo, a historia política e cultural que viviron as súas pedras, ao que se pode sumar que é posible que no seu

interior aínda se conserve algún resto ou parte importante da biblioteca persoal de dona Emilia, ben se podería dicir que estamos ante un conxunto histórico-artístico e cultural que, pola súa importancia e singularidade, ben merece a súa consideración como Ben de Interese Cultural, na súa categoría de sitio histórico de especial relevancia non só para Galicia, senón para todo o territorio do estado.

Cos datos sobre a mesa, e debatidos todos os matices da cuestión, os expertos presentes na xuntanza do 30 de outubro de 2008 conclúen que a categoría de sitio histórico é a que se adecúa con máis exactitude aos valores do elemento en cuestión, pois as características dos aspectos culturais que se transmiten a través da complexa e rica estrutura espacial do conxunto de pazo, torres, xardín e elementos propios, dos fragmentos de valor histórico artístico propio implantados no xardín orixinal, etc. conteñen en si mesmos a memoria de dous momentos importantísimos na historia cultural non só de Galicia, senón tamén do estado español.

Esta importante fundación das Torres de Meirás, realizada sobre un *locus* de longa tradición familiar, foi resignificada por medio da recreación historicista de dona Emilia Pardo Bazán, envolta pola súa vez na recreación da súa ficción literaria, como ocorreu tamén con outros autores como Otero Pedrayo, nos que o seu espazo doméstico aparece como idealización da ficción e viceversa. As Torres de Meirás son un lugar recreado e, ao mesmo tempo, un lugar de creación e tamén un sitio recreado e sitio de creación, e todo iso está claramente reflectido nunha materialidade arquitectónica concreta e moi peculiar.

Así mesmo, como calquera territorio histórico, o Pazo de Meirás é resultado das transformacións que provocaron nel as persoas que o habitaron, sobre todo esa longa tradición familiar que culmina en dona Emilia Pardo Bazán, pero tamén é o resultado da presenza nel da familia Franco, co que leva de ideoloxía e coa súa expresión formal tamén vertida no lugar, no que non é casual a acumulación de elementos arquitectónicos, escudos, hórreos, etc. recollidos ou copiados doutros lugares.

A razón de ser dos bens culturais é a da súa capacidade de representar a cultura material. Son o legado que recibimos pero que, a partir dunha recualificación da percepción individual e colectiva, adquire unha nova percepción en cada momento da súa existencia (valor de actualidade). E o legado material dun ben recoñécese como patrimonio cultural cando cada nova percepción é portadora dun valor engadido que consideramos como parte do noso acervo cultural. A nosa lexislación do patrimonio ten o tino de establecer unha rica clasificación dos bens culturais na que se fai unha distinción básica entre patrimonio material e patrimonio inmaterial. Nas teorías máis recentes da cultura material, no patrimonio cultural recoñécese a confluencia de diferentes tempos históricos, de xeito que se considera un valor que hai que conservar aquel que por medio da súa estrutura expresa o mundo que o creou. Dese xeito, "as torres" de Meirás evocan con toda claridade o mundo de dona Emilia e a recuperación do "yo" individual e subxectivo do romanticismo do século XIX e principios do XX, ao

mesmo tempo que "o pazo" de Meirás é expresión do mundo franquista, con todas as súas consecuencias. O histórico e artístico maniféstanse con intensidade diversa primeiro no que dona Emilia chamaba as torres e, despois, no que os Franco chamaron o pazo de Meirás, pero esa intensidade é en ambos os casos sobranceira e, polo tanto, suficiente para considerar o conxunto como BIC, ben de interese cultural.

É evidente que aquilo que en Meirás reflicte a etapa en que foi propiedade da familia Pardo Bazán o converte nun claro lugar da historia e dunha tradición familiar (como moitas que estruturaron o territorio e a historia de Galicia), pero tamén, e iso é máis importante, o converte no lugar dun tempo, o de dona Emilia, de creación histórica e cultural nova (ou sexa, cultura recente e moderna de Galicia), o que o faría merecedor da cualificación de ben cultural. Estamos, pois, diante dun claro exemplo de ben de interese cultural, xa que se dá nel unha clara manifestación das estruturas das ideas necesarias para comprender a nosa cultura e que, por enriba das arquitecturas que contén, que poderían ser merecedoras do cualificativo de monumento, identifica este conxunto como un ben de interese cultural na categoría de sitio histórico.

Na súa etapa de pazo, na época da familia Franco, o conxunto de Meirás soportou un proceso de "desmemorización", acaso intencionada, que parecía querer eliminar, co uso do propio apelativo de "pazo", a sombra da época de dona Emilia, que convertera a vella casa orixinaria en "torres" e que sempre a chamaba así. Este cambio na denominación, voluntaria ou non, resultaba unha sutileza que parecía querer obviar unha longa tradición familiar e borrar a realidade de que se trataba dun lugar recreado para a creación dunha das máis sobranceiras escritoras da nosa terra. Ao mesmo tempo, é evidente que se deu unha clara busca de semellanza con outros pazos galegos (nun intento que, analizado desde a perspectiva actual, resulta case inxenuo), por conferirlle ao recinto a "dignidade aristocrática" da que a nova familia cría carecer dotándoo de profusión de elementos como fontes, hórreos e brasóns orixinarios doutros lugares ou directamente copiados. Con todo, xa como "pazo", o lugar acolleu outra etapa da historia que é, indubidablemente, parte da historia de Galicia e do estado español, reafirmándose, de novo, como un sitio da memoria dos séculos XIX e XX.

Ademais, o proceso de elaboración dun xuízo crítico de valor que teña presente non só o valor arquitectónico do edificio e do seu contorno, senón tamén o valor que estes teñen para expresar con claridade o significado de dous momentos tan relevantes da nosa historia, fai que debamos ter en conta que estamos nun momento en que existe unha capacidade de percepción individual e colectiva novas respecto das ideas que se transmiten a través deste BIC. Temos, pois, presente que este sitio histórico debe ser resignificado, asumindo a súa historia no seu xusto valor, e que ese valor é, principalmente, o valor crítico e relativo, por non dicir moralizante e superador da etapa e da ideoloxía franquistas. En definitiva, este BIC é parte da nosa cultura material e, como sitio histórico, transmitirá o que nel hai vertido, contribuíndo á comprensión da nosa historia e, por tanto, á restauración, por un lado, da memoria dunha tradición familiar e a dunha etapa creadora imprescindible da cultura galega e europea do século

Pazo de Raxoi, 2º andar - Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico:
correo@consellodacultura.org
Tel.: 981 95 72 02 - Fax: 981 95 72 05

XIX e, por outro lado, á resignificación da historia franquista reflectida nel. Protexendo, mediante a súa incoación como sitio histórico, no lugar de Meirás gardarase memoria dos tempos en que foi torres de Meirás, pero tamén aqueles en que foi pazo de Meirás, porque ambos os dous están reflectidos no seu ambiente por medio de formas ben diferenciadas de expresión artística e arquitectónica.

Por último, como todo BIC que declara unha comunidade autónoma, Galicia, esa declaración fará que o sitio histórico de Meirás entre inmediatamente a rexistrarse no rexistro de bens culturais do estado español, o cal implicará o recoñecemento e proxección das torres de Meirás como sitio histórico do estado español, é dicir, lugar da memoria ou creación histórica, co recoñecemento indisociable duns peculiares e interesantes tempos artísticos arquitectónicos que manifestan con toda claridade o que foron as ideoloxías que os xeraron.

Por todos os motivos anteriormente expostos, a comisión da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura considera pertinente a declaración das torres de Meirás como BIC na categoría de **sitio histórico**, é dicir, como lugar da memoria, facendo constar que se opta conscientemente por ese tipo de declaración, fronte ás de conxunto histórico e de monumento, que tamén se consideraron, porque estas últimas manterían, en certa medida, velado o intento de desmemorización doutros momentos históricos que se produciu na etapa franquista. Ao mesmo tempo, propón que se estude adaptar o contorno do BIC co criterio de contorno de sitio histórico, para o cal xunta bosquexos que delimitan tanto o BIC como o contorno que considera preciso materializar.

Asdo.: Iago Seara Morales
Coordinador da Sección de Patrimonio e bens culturais

Pazo de Raxoi, 2º andar - Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico:
correo@consellodacultura.org
Tel.: 981 95 72 02 - Fax: 981 95 72 05



Pazo de Raxoi, 2º andar - Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico:
correo@consellodacultura.org
Tel.: 981 95 72 02 - Fax: 981 95 72 05